

# Oñes do bon Burgo

Da emerxencia do galego escrito

XOSÉ RAMÓN PENA

Publicado pola Fundación Barrié de la Maza, dentro da "Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega", chega onde nós *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*: un volume destinado, a figurar con brillante luz de seus andeis da mellor filoxía románica, da man do profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Henrique Monteagudo.

Como non se podía agardar menos –dada a traxectoria do estudoso muradán, co-autor e/ou autor de labores fundamentais como *Gramática da lingua galega* (1986), *Estudios de sociolingüística galega* (1988) ou *Historia social da Lingua Galega* (1999)–, estamos diante dun esforzo levado a cabo con enorme rigor, con profundidade e, en fin, dentro das mellores tradicións filolóxicas. Un labor que inicia

o seu percorrido cunha análise da emerxencia do romance na prosa instrumental no centro-oeste da Península Ibérica, prestando especial atención ás descubertas máis recentes e, xa que logo, do conxunto da documentación conservada na área galego-portuguesa desde 1212-1216 –datas propostas para a redacción, en Bastuço (Barcelos), da chamada *Noticia de Torto-deica* 1254 cando, en Vilafranca do Berzo, aparece un documento publicado (2004) por A. I. Boullón Agrelo. Apiándose, daquela, no conxunto de informacións coas que contamos, Henrique Monteagudo sinala 1255 como "o fito que marca unha nida mudanza de rumbo na emerxencia da escrita en romance galego". A razón de tal escolla reside en que, xustamente nese ano, rexistramos unha ducia de documentos redactos plenamente en lingua romance.

O papel da documentación foral do reinado de Afonso IX ocupa o segundo capítulo do volume que analizamos: cartas po-

bras, foros extensos e forais que deseñan unha panorámica na cal o emprego do romance vai avanzando nos reinos de Galiza e León. Precisamente nesa panorámica é que cómpre situar, entón, *O Foral do Burgo de Caldelas* que é analizado extensamente, en todas as súas características, ao longo das páxinas seguintes. Baseándose nos elementos scriptolingüísticos presentes no documento, Monteagudo propón unha datación por volta de 1250. En resumo, a redacción latina –coñecida mediante copia e impresión setecentescas– remonta ao orixinal; da súa



parte, a redacción galega, o diploma que a contén, conforma un traslado deste que tivo á vista o texto latino. Sen dúbida, estamos diante dun momento singular para a historia do noso idioma e para a historia do país galego, en xeral.

Mais o volume que contemos prosegue aínda a súa andaina cun conxunto de pescudas sobre os primordios da lírica trobadoresca, tomando como punto de partida a corte de Afonso IX.

Xa finalmente, a versión latina, a lectura paleográfica do texto galego e, desde logo, a edición interpretativa do mesmo ocupan os últimos epígrafes dun libro que, como xa adiantamos, ha de vir ocupar, por dereito propio, un lugar de honra nos estudos que nos devolven unha xeira decisiva da presenza histórica da nación galega.

*MONTEAGUDO, Henrique, Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, Ed. Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 2009, PVP.25 €*